

Subvencións para rehabilitación, reconstrución ou remate de fachadas e cubertas de vivendas do rural.

Os interesados en optar a estas subvencións deben seguir os seguintes pasos:

*1º Solicitar a cualificación provisional. Este tramite pódese realizar no Concello ou no Instituto Galego de Vivenda e solo.

Documentación:

- Solicitud.
- Certificado de empadramento.
- Fotos en cor das 4 fachadas e das estancias do interior nas que se queiran facer arranxos.
- No caso de obras menores memoria explicativa segundo catálogo da Xunta (as memorias faranas os técnicos municipais para todo aquel que queira). E no caso de obras maiores, proxecto de obra redactado por técnico competente.
- Resgardo de solicitud de obra no Concello. Non é preciso tela concedida nin pagada, senón que só tela solicitado.

*2º Os técnicos da Xunta farán unha comprobación antes de acometer as obras. Non se poden comezar as obras ata que o persoal do Instituto Galego de Vivenda e solo faga a primeira comprobación

*3º Unha vez recibida a cualificación provisional e unha vez aboada a licenza de obra poderanse comezar as obras.

*4º Ao remate das obras haberá 1 mes para solicitar a cualificación definitiva.

Documentación

- Solicitud.
- Copia da licenza.
- Fotos en cor que reflicten as obras realizadas.

*5º Unha vez feita a solicitud, persoal do Instituto volve a ver as vivendas para comprobar que se fixeran as obras. Se todo está en orde enviaranlle, dende o Instituto Galego de Vivenda e solo, o documento de cualificación definitiva.

*6º Cando se abra o prazo de convocatoria de subvención solicitala presentando o documento de cualificación definitiva.

En todo caso a subvención nunca superará o 50% do importe nin os 6.600 € no caso de remate de fachadas, cubertas e rehabilitación; e os 8.600 € no caso de reconstrución.

Todos os que tiveran subvencións para este mesmo fin nos últimos 4 anos non poderán optar á mesma.

Todos aqueles veciños que teñan ou estean en trámites da Cédula de Rehabilitación poderán optar tamén a esta subvención.

Recomendamos a todo aquel que estea interesado pasar polo Concello antes de realizar ningún trámite para lle explicar mellor todos os pasos.